

FAQs mobilidade

1. ¿En que curso académico poden solicitarse os programas de mobilidade?

Cando esteades en 2º de Grao para facer a mobilidade en 3º ou cando esteades en 3º para facela en 4º de Grao.

2. ¿Hai dificultades en 4º de Grao para solicitar a mobilidade debido a realización do Prácticum e do TFG nese curso?

A participación nun programa de mobilidade durante un curso completo cando se quere cursar 4º de Grao é complexo, se se desexa rematar o Grao en xullo. A mellor opción é solicitar a mobilidade só para o 1º semestre, especialmente no caso dos programas ERASMUS e convenio bilateral.

No caso do programa SICUE, o Prácticum e/ou o TFG pode ser cursado nalgunhas universidades, pero non na maioría delas (o alumno/a interesado debe de consultar esta posibilidade directamente coa universidade que lle interesa).

A USC permite matricular o TFG aquí aínda que se realice un programa de mobilidade de curso completo pero, dado o tempo que se precisa para que as cualificacións cheguen da universidade de destino, a defensa do TFG no mes de xullo non sería posible, tería que facerse no mes de setembro.

En calquera caso, débese ter en conta que os prazos administrativos das distintas universidades (máis se cabe en universidades estranxeiras) non sempre son os mesmos (por ex., peche de actas das cualificacións, vacacións, período de exames, etc.), polo que facer a mobilidade no 1º semestre de 4º curso sempre é un risco para incorporarse a tempo no noso 2º semestre de 4º de Grao, que ten un calendario particular e comeza antes que no resto dos cursos.

3. ¿É axeitado ter o inglés como idioma para solicitar o programa de mobilidade ERASMUS?

Na convocatoria 2022-23, unicamente 4 universidades (en Polonia, República Checa e Romanía) indican como idioma requirido o inglés (todas elas nivel B2). As restantes solicitan o idioma do propio país (normalmente B1).

5. ¿Cando debo ter o certificado que acredite o nivel dun idioma para solicitar o programa de mobilidade ERASMUS?

A recomendación é que xa en 1º de Grado, o alumnado interesado en solicitar o programa ERASMUS, comece a preparar o exame para obter o certificado (no caso de que aínda non o teña). En base aos prazos de convocatorias previas, normalmente no mes de decembro é cando se debe presentar a solicitude, polo que o alumnado debe ter isto en conta a partir do 2º curso para contar con dito certificado no momento da solicitude (é requisito obrigatorio).

6. ¿Se teño a bolsa do MEC podoo presentarme a un programa de mobilidade?

Recibir a bolsa do MEC non é incompatible con presentarse a un programa de mobilidade, pero os requisitos académicos que se esixen para a bolsa deben cumprirse igualmente (por ex., matrícula en, a lo menos, 60 ECTS). O propio alumnado é o responsable de cumprir os requisitos da súa bolsa e de informar ao respecto ao coordinador/a de mobilidade do seu centro. O alumnado debe ter en conta a súa condición tanto na elaboración inicial do acordo de estudos como nas modificacións que solicite ao mesmo para cumprir cos ECTS.